

NORMAS PARA OS LUMIÑOS OU CACHARELAS DE SAN XOÁN

- 1.- As laradas ou cacharelas situaranse en lugares seguros, de tal xeito, que non exista perigo de propagación accidental ás vivendas, instalacións ou terreos próximos. Deberán ter en conta a existencia de cableado, tendidos eléctricos, etc. Arredor da cacharela deixarase unha franxa duns 5 metros libre de calquera elemento combustible.**
- 2.- Deberán situarse en zonas afastadas de masas arbóreas alomenos 50 mts. Os responsables deben asegurarse de contar con medios de extinción mínimos pero suficientes para o seu uso inmediato en caso de ser necesario.**
- 3.- Non se permite a utilización de líquidos inflamables nin queimar produtos contaminantes (plásticos, pinturas, gomas, ...). Tampouco se poderán queimar residuos ou restos domésticos, forestais ou agrícolas.**
- 4.- As laradas deben estar baixo vixilancia en todo momento, os responsables deben asegurarse de que o lume queda completamente apagado.**
- 5.-As autorizacións outorgadas non eximirán en ningún caso das responsabilidades por danos e prexuízos a que houber lugar no caso de que concorrese negligencia ou imprudencia.**
- 6.- As Cacharelas poderán ser revisadas polos servizos municipais para ver se cumpren a normativa esixida.**

De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), infórmaselle que o Responsable do tratamento dos seus datos é o Concello de Muros con CIF P1505400J e enderezo en Curro da Praza, 1, 15250 Muros (A Coruña). Os datos de carácter persoal facilitados a través do presente formulario, así como a documentación achegada, serán incorporados a correspondente área / departamento á cal vaia dirixida a presente solicitude coa finalidade de xestionar a mesma. Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades como Órganos da Administración do Estado, a Órganos da Comunidade Autónoma, a outros Órganos da Administración Local e aos/as interesados/ as lexítimos/ as para levar a cabo a Xestión Administrativa que vostede nos solicita. A presente instancia fundamenta o tratamento dos datos contidos nela, no art. 6.1 c) "o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigaion legal aplicable ao responsable do tratamento" e no art.6.1 e) do RXPDP: "en cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos" conferidos a este Concello. Os datos persoais que nos proporciona mediante este documento conservaranse durante o prazo necesario para o fin para o que foron recollidos ou, no seu caso, para o cumprimento das obrigaions legais que deriven do mesmo. As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade e dereito a non ser obxecto de decisións automatizadas nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento, o CONCELLO DE MUROS, no enderezo arriba indicado ou remitindo un correo a dpd@muros.gal adxuntando un documento oficial que o indentifique. Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpd@muros.gal ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello <https://muros.gal/politica-de-privacidade/>